

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

XVIII Premios Irmandade do Libro

Os libreiros agariman este ano a Xabier P. Docampo

O chairego é gañador desta volta, na modalidade de autor, do recoñecemento da Federación de Libreiros de Galicia.

- **Anterior:** [A peneira dos escritores para os Premios da AELG](#)

Redacción - 14:00 20/03/2009

Se este xoves era os escritores os que nos facían saber dos [finalistas dos galardóns outorgados pola propia Asociación de Escritores en Galego](#), agora vimos de coñecer a decisión do xurado da 18ª edición dos Premios Irmandade do Libro, nesta caso organizados pola [Federación de Libreiros de Galicia](#).

Os libreiros decidiron así proclamar gañador, na modalidade de Autor, ao escritor [Xabier P. Docampo](#), valorando "tanto a súa extraordinaria faceta creadora como a súa contrastada vocación de traballo a prol do libro e da lectura" en Galiza. Os premios entregaranse no Carballiño o próximo 28 de marzo. Velaquí os finalistas no resto de modalidades:

Fomento da lectura:

- Biblioteca Pública de O Porriño
- Bibliotecas Públicas do Concello de Oleiros
- Asociación Cultural Lonxa Literaria, de Moaña

Institucións:

- Casino de Santiago
- Asociación Cultural IES Rosalía de Castro
- Liceo Recreo Ourense

Librerías:

- Andel do Libro Galego e Portugués

- Librería Porta da Vila, de Viveiro
- Librería Paz, de Pontevedra

Mellor libro do ano 2008:

- Fin de século en Palestina. Miguel Anxo Murado. Editorial Galaxia.
- Festina lente. Marcos S. Calveiro. Edicións Xerais de Galicia.
- O xardín das pedras flotantes. Manuel Lourenzo. Edicións Xerais de Galicia

Obra editorial do ano 2008:

- As flores do mal. Ed. Galaxia.
- Guía das plantas de Galicia. Ed. Xerais.
- Colección rescate. Alvarellos editora.

Centros de ensino:

- CEIP de Quintela – Moaña
- CEIP San Martiño, de Igrexa-Salcedo –Pontevedra
- IES Blanco Amor, de Ourense

Novas relacionadas

- [Os libbreiros premian a Luís Rei Núñez, Justo Beramendi e Xosé María Álvarez Cáccamo](#)